



Concello de Xove

Expediente núm.: 1006/2023

Procedemento: CONVOCATORIA E CONCESIÓN DE PREMIOS DA XXXV TIRADA DE BOLOS 2023/2024 DO CONCELLO DE XOVE

Documento asinado por: O TÉCNICO DE CULTURA

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DOS PREMIOS DA XXXV TIRADA DE BOLOS

O Concello de Xove, consonte ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e ao obxecto de incentivar a participación cidadá na Tirada de Bolos anual do Concello de Xove, establece as normas reguladoras da participación, as axudas económicas e dos premios que se outorgarán aos participantes que interveñan nos citados actos, de acordo coas seguintes bases

PRIMEIRA.- DEFINICIÓN DO OBXECTO

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios da XXXV Tirada de Bolos "Concello de Xove".

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS PARTICIPANTES

Tanto na Liga Senior Masculina coma na Feminina poderá participar calquera persoa, sen límite de idade. Na Liga Sub 16, que terá carácter mixto, poderán participar tanto rapaces coma rapazas menores de 16 anos. Caso de cumprir os 16 anos durante o campionato, deberá seguir na Liga Sub 16 ata a finalización do mesmo.

A documentación a presentar será exclusivamente o N.I.F. En cada tirada, polo representante municipal elaborárase un listado dos participantes na mesma e da puntuación obtida.

TERCEIRA.- TIRADAS, NORMAS E CALENDARIO

As normas que regulan a competición serán establecidas con carácter previo ao comenzo da mesma e expostas para xeral coñecemento dos participantes.

O calendario para o exercicio de 2023/2024, será o seguinte:

2023

- Sábado 14 de outubro: Centro Social Lago
- Sábado 21 de outubro: Clube Palmeiro en A Rigueira
- Sábado 28 de outubro: Centro Social Penasagudas- Monte





Concello de Xove

- Sábado 4 de novembro: Campo de fútbol municipal de Xove
- Sábado 11 de novembro: Centro Social O Cruceiro-Xuances
- Sábado 18 de novembro: Centro Social A Vara-Xuances
- Sábado 25 de novembro: Centro Social de Sumoas
- Sábado 2 de decembro: Centro Social Morás
- Sábado 9 de decembro: Centro Social de Vilachá en Portocelo.
- Sábado 16 de decembro: Centro Social de Lago.

2024

- Sábado 13 de xaneiro: Clube Palmeiro en A Rigueira
- Sábado 20 de xaneiro: Centro Social Penasagudas- Monte
- Sábado 27 de xaneiro: Campo de fútbol municipal de Xove
- Sábado 3 de febreiro: Centro Social O Cruceiro-Xuances
- Sábado 17 de febreiro: Centro Social de A Vara-Xuances
- Sábado 24 de febreiro: Centro Social de Sumoas
- Sábado 2 de marzo Centro Social de Morás
- Sábado 9 de marzo: Centro Social de Vilachá

Por razóns organizativas da competición algunha das tiradas-tanto a data como o lugar da celebración da tirada pode ser modificada co fin de axudar o desenvolvemento deportivo do campionato.

Como consecuencia do COVID-19, poderase suspender algunha ou a maioría das tiradas do campionato. Se este fose o caso, para proceder á entrega de premios e trofeos finais deben terse realizado un número significativo de tiradas, que se establece como mínimo, en dous tercios do campionato, é dicir, ter completadas 12 tiradas das 18 totais. Como consecuencia, o campionato poderá ser prorrogado ampliándose a súa duración por prazo de 1 mes, ata o sábado 13 de abril de 2024. Acadada esta data, de non terse completado as 12 tiradas, eliminaríase a clasificación final e non se entregarían os premios nin trofeos finais.

CUARTA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E PLURIANUALIDADE DO GASTO

A contía máxima destinada aos presentes premios é de 4.965,00 euros € (partida 341.481 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal).

Os premios serán concedidos parte no presente exercicio, correspondentes ás tiradas de outubro a decembro, por importe de 1.800,00 euros, e parte no exercicio seguinte ao da convocatoria, correspondentes ás tiradas de xaneiro a marzo e premios finais, por importe de 3.165,00 euros. Será polo tanto de aplicación o previsto no artigo 57 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións sobre subvencións plurianuais.

QUINTA.- PREMIOS

Haberá dous tipos de premios: premios por tirada e premios finais.

A) Premios por tirada.

SENIOR F.	<u>LIGA SENIOR M.</u>	<u>LIGA SUB 16</u>	<u>LIGA</u>
-----------	-----------------------	--------------------	-------------





Concello de Xove

1º Premio.....	25 EUROS.....	15 EUROS.....	15
EUROS			
2º Premio.....	20 EUROS.....	10 EUROS.....	10
EUROS			
3º Premio.....	20 EUROS.....	5 EUROS.....	5
EUROS			
4º Premio.....	20 EUROS		
5º Premio.....	20 EUROS		
PREMIO Á MELLOR BOLADA.....	5	EUROS.....	5
EUROS.....	5 EUROS		

B) Premios finais

<u>SENIOR F.</u>	<u>LIGA SENIOR M.</u>	<u>LIGA SUB 16</u>	<u>LIGA</u>
1º Premio.....	200 EUROS.....	90 EUROS.....	
90 EUROS			
2º Premio.....	150 EUROS.....	75 EUROS.....	
75 EUROS			
3º Premio.....		100 EUROS.....	50
EUROS.....	50 EUROS		
4º Premio.....	75 EUROS.....	30 EUROS.....	
30 EUROS			
5º Premio.....	75 EUROS.....	30 EUROS.....	
30 EUROS			
6º Premio.....	50 EUROS		
7º Premio.....	50 EUROS		
8º Premio.....	50 EUROS		
9º Premio.....	50 EUROS		
10º Premio.....	25 EUROS		
11º Premio.....	25 EUROS		
12º Premio.....	25 EUROS		
PREMIO Á MELLOR BOLADA.....	50	EUROS.....	50
EUROS.....	50 EUROS		

A maiores, e compatibles con calquera dos doce premios finais, tamén se concederán tres premios finais dentro da liga senior masculina para as mellores puntuacións daqueles que cando realicen a súa primeira tirada teñan cumpridos os 60 anos de idade. Estes premios serán de 75 euros, 50 euros e 25 euros.

A contía dos premios anteriores é líquida. De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.

SEXTA.- PROCEDEMENTO DE ENTREGA DE PREMIOS

Unha vez rematada cada tirada, o técnico municipal de cultura, ou no





Concello de Xove

seu caso, o representante municipal ao efecto, emitirá informe coa relación de gañadores segundo as normas a que se refire a Base Terceira. Os premios serán entregados en dito momento en metálico tramitándose polo sistema de pagos a xustificar, sendo o habilitado o Técnico Municipal de Cultura, debendo ser asinado o pertinente “recibín” polos beneficiarios. Do mesmo xeito, para os premios finais elaborárase un informe polo Técnico de Cultura, a xeito de proposta no que se recollen os beneficiarios dos premios.

Calquera participante, en calquera das categorías da competición poderá de xeito voluntario renunciar ao premio en metálico que lle corresponda, sen que isto lle supoña ningunha merma nin variación na súa clasificación deportiva.

SÉTIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A presentación do DNI e calquera outra documentación da que sexa necesario dispor supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estrutamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

OCTAVA.- INFORMACIÓN AOS BENEFICIARIOS DOS PREMIOS

Con carácter xeral, os premios están incluídos no ámbito de aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo que o Concello de Xove é un órgano obrigado a facilitar información da concesión dos presentes premios á Base de Datos Nacional de Subvencións. Igualmente, con carácter xeral, non obstante o establecido na Base Quinta (non existe obriga de practicar retención por ser inferiores a 300,00 euros), os premios están suxeitos ao IRPF segundo o establecido no artigo 75.2 do RD 439/2007, de 30 de marzo, sendo a Axencia Estatal da Administración Tributaria un dos órganos cesionarios dos datos rexistrados na Base de Datos Nacional de Subvencións en virtude da colaboración coa Administración Tributaria que establece o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Non obstante, e de acordo co establecido no artigo 4 do RD 130/2019, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, non será obrigado subministrar por parte do Concello información das resolucións de concesión dos premios nin do pago dos mesmos sempre e cando o importe anual outorgado a un mesmo beneficiario non supere a contía total de 100,00 euros.





Concello de Xove

*O Técnico de Cultura,
Asdo. Mario Eijo Barro*

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

